


Galicia e Aragón

Fotografías de Ana Chao



Belchite (Zaragoza, Aragón)

Con esta mostra Ana Chao quere compartir unha escolma de imaxes que forman parte do seus principais espazos vitais: Aragón e Galicia. De ambas as dúas terras escolleu os lugares captados a través do obxectivo da cámara fotográfica dos cales garda un sentimento, balizas da súa memoria e lazos que a unen ás dúas terras que marcan a súa propia experiencia vital.

Un modo de compartir recordos e experiencias; en definitiva memoria que une as xentes de Galicia e de Aragón.

Museo Etnolóxico.Ribadavia
Rúa de Santiago, 10

Do 14 de agosto de 2018 ao 30 de setembro de 2018

Horario: *Martes a sábados: 10:00 a 16:00 h.*
Domingos, luns e festivos: pechado



A Veronza (Ribadavia, Galicia)

Ana Chao

Non sei moi ben de onde procede a miña afección fotográfica, si sei que con catorce anos encantábame fotografar e ser fotografada.

Nin sequera consigo acordarme da máquina que usaba.

Si lembro que os meus pais eran moi afeccionados a que nos fotografasen, isto unido a ter unha longa traxectoria de familiares fotógrafos cun certo renome, imaxínome algo achegaría nos meus xenes.

E vai ser a partir da miña xubilación cando atopo o momento idóneo para dedicarlle tempo, xa que o entusiasmo nunca me faltou.

Faime moita ilusión presentar esta mostra en Ribadavia, neste museo que tanto me gusta e entre a miña xente.

É unha homenaxe ás miñas dúas comunidades, Galicia por ser a terra dos meus antepasados e a miña nenez e Aragón o meu lugar de adopción, na cal crecín e evolucionei.

MUSEO ETNOLÓXICO
RIBADAVIA - Ourense



galicia

XUNTA
DE GALICIA

Colabora:


Asociación de Amigos
do Museo Etnolóxico e do
Conxunto Histórico de Ribadavia

DL.: OU 241-2018

IMP: Helbagraf SL.